

1963



“Din que non falan as plantas,
nin as fontes, nin os paxaros,
nin a onda cos seus rumores,
nin co seu brillo os astros,
dino, pero non é certo,
pois sempre cando eu paso,
de min murmuran e exclaman:
- Aí vai a tola soñando
coa eterna primavera da vida e dos campos,
...”

En las orillas del Sar (1884)

ROSALÍA DE CASTRO

(Santiago de Compostela, 1837 – Padrón, 1885)

Foi unha poeta e novelista galega, considerada como a máis destacada das autoras do Romantismo do século XIX e unha das representantes do Rexurdimento galego. A súa escrita en lingua galega foi un acto revolucionario para a súa época e supuxo un rexurdir para a literatura na nosa lingua. Co seu lirismo directo e persoal e a súa forza simbólica, desenvolveu temáticas coma a reivindicación da cultura popular, o drama da emigración ou os sentimentos da propia autora.


GRANDES ÉXITOS



1863

Cantares gallegos é un poemario publicado en 1863 en Vigo, na imprenta de Juan Compañel. A data na que se cre que saíu, o 17 de maio, foi o día escollido desde 1963 como Día das Letras Galegas polo seu significado no rexurdimento da literatura galega.

Follas novas é o poemario que continúa en parte o libro anterior, pero tamén presenta un diferente espírito poético motivado polo afastamento da terra, polas desgrazas familiares e polas doenzas físicas e morais. Os sentimentos, a saudade e a fronteira do propio ser son temáticas tratadas neste libro.



1880

Outras das súas obras son *La flor* (1857), *La hija del mar* (1859) e *En las orillas del Sar* (1884).

“Para min Rosalía é a figura máis importante da nosa cultura. Nos seus versos late o espírito enteiro de Galicia, o seu sufrir e a súa esperanza”, foi por ela polo que decidín comezar a celebrar o Día das Letras Galegas e ao longo da miña vida din moitas conferencias con temática rosaliana.”



Francisco Fernández del Riego